

Ref.: PPL2501

RESOLUCIÓN REITORAL, POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO 1º CONCURSO PÚBLICO DE ACCESO A PRAZAS DE PROFESORADO PERMANENTE LABORAL, CURSO ACADÉMICO 2025-2026.

Consonte ao disposto na base 4 do concurso público para o acceso a prazas de profesorado permanente laboral convocado por esta universidade mediante resolución reitoral do 23 de decembro de 2025 (DOG do 16 de xaneiro de 2026).

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar e facer pública no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo a **relación definitiva de persoas admitidas e excluídas** (lista alfabética e lista por prazas) no 1º concurso público para provisión de prazas de profesorado permanente laboral (PPL2501) na Universidade de Vigo.

Consonte establece o punto 2 da base cuarta da convocatoria, as reclamacións presentadas contra a publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas enténdese resoltas coa publicación desta lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición contra esta resolución no prazo dun mes contado dende o día seguinte da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor,
P.D. (R.R. de 30 de maio de 2024, DOG do 10 de xuño)
A VICERREITORA DE PROFESORADO, E ORDENACIÓN ACADÉMICA,
(asinado dixitalmente)

Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Universidade de Vigo

